

CONVOCATORIA
Ampliación das vogalías do
Comité de ética da investigación e a docencia da Universidade da Coruña (CEID-UDC)

1. OBXECTO E FINALIDADE

Coa finalidade de mellorar a competencia técnica e facilitar o desenvolvemento das funcións do Comité de ética da investigación e a docencia da Universidade da Coruña (CEID-UDC), publícase esta convocatoria de ampliación da súa composición mediante a selección de **catro (4) novas vogalías**, ao abeiro do disposto no artigo 5 do seu Regulamento.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode presentar a súa solicitude calquera membro do persoal docente e investigador dos centros da UDC e calquera estudante de doutoramento matriculado/a na UDC no curso académico 2019/2020.

3. PROCEDEMENTO

A persoa interesada deberá presentar a súa solicitude no Rexistro xeral da Universidade da Coruña (Reitoría, rúa da Maestranza 9. 15001 A Coruña), nos rexistros auxiliares (Campus da Zapateira-A Coruña; Edificio de usos administrativos-Campus de Esteiro, Ferrol), no rexistro electrónico da Sede electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal/>) ou nas restantes formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

A solicitude, en formato libre, debe conter a seguinte documentación:

- a) Solicitude de incorporación ao CEID-UDC dirixida á Vicerreitoría de política científica, investigación e transferencia da UDC.
- b) Documento acreditativo da identidade (DNI ou similar).
- c) Currículo abreviado en formato libre (extensión máxima: 2 páxinas), onde consten as titulacións, cursos, traballos e, en xeral, calquera mérito relativo ao obxecto desta convocatoria, así como o vínculo coa Universidade (p.ex., grupo de investigación, facultade/escola, departamento ou área de coñecemento)
- d) Carta da persoa solicitante na que exprese as razóns para se incorporar ao CEID-UDC.

O prazo de presentación da solicitude será de dez días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Taboleiro electrónico oficial (TEO) da Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	0xLvif4oY4/yFO3XmcjPEA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	27/11/2020 08:35:28
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0xLvif4oY4/yFO3XmcjPEA==		



4. RESOLUCIÓN

A Comisión de selección estará integrada polo Vicerreitor de política científica, investigación e transferencia, a Vicerreitora de planificación académica e innovación docente, o presidente do CEID-UDC e a secretaria do CEID-UDC.

A comisión poderá requirir documentación complementaria á persoa solicitante.

Na selección procurárase garantir a diversidade de áreas de coñecemento e ámbitos de especialización docente e de investigación.

A comisión publicará no TEO unha lista provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirá un prazo de cinco días hábiles para a presentación de reclamacións.

A comisión de selección publicará no TEO a listaxe de persoas seleccionadas como vogais do CEID-UDC.

5. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para a xestión de expedientes administrativos de persoal e xestión de persoal.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral, ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC (rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña; correo-e: rpd@udc.gal; teléfono: 881011161).

A Delegada de Protección de Datos é dona Luz María Punte Aba (dpd@udc.gal)

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

O vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo

Consello de Goberno na súa sesión do 26/11/2020

O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	0xLvif4oY4/yFO3XmcjPEA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	27/11/2020 08:35:28
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0xLvif4oY4/yFO3XmcjPEA==		

